CARREIRA DAS CIDADES CONTRA O CANCRO DE PÁNCREAS

VILAMARTÍN DE VALDEORRAS 15/11/2026

Andaina e Carreira

ACANPAN (Asociación Cáncer de Páncreas), **AESPANC** (Asociación Española de Pancreatología), **AEG** (Asociación Española de Gastroenterología) e **ACAPAVAL** (Asociación Cancro de Páncreas de Valdeorras), coa colaboración da **Delegación da F.G.A en Valdeorras**, organizan a 9ª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES CONTRA O CANCRO DE PANCREAS, que terá lugar no Concello de Vilamartín o vindeiro 15 de novembro de 2026, a partir das 10.00 h.

INSCRICIÓNS:

- As inscricións para a Carreira e a Andaina realizaranse preferentemente a través da web de carreiras galegas, Carreiras Galegas ata as 23.59 h do xoves 12 de novembro, ou ben nos puntos habilitados para a mesma ata o 12 de novembro nos horarios específicos de cada establecemento ou punto habilitado.

- Formas de inscricións e prezos:

INSCRICIÓN ANTICIPADA: ata o 12 de novembro

- Online: www.carreirasgalegas.com
- Presencial: Establecementos colaboradores
  - En O Barco:
    - Deportes Trisport
    - Garoba
    - Montglam
    - N37
    - Pizpireta
    - Ton y Son
  - En A Rúa: Cool Balea
  - En Rubiá: Librería Teresita e Trastos
  - En Vilamartín: Fimar Consultores

INSCRICIÓN ÚLTIMA HORA: 15 de novembro ata 30 minutos antes do comezo da proba.

Recoméndase a realización da INSCRICIÓN ANTICIPADA online

PREZOS: Para todas as probas

- Nenos menores de 16 anos: **6 €**
- De 16 anos en adiante: **12 €**

❖ Retirada de dorsais: Pavillón Municipal de Vilamartín de Valdeorras

➢ sábado 14 de novembro de 12:00 h. a 17:00 h.
➢ domingo 15 de novembro de 08.30 h. a 10.00 h.

¡¡IMPORTANTE!!
O sábado 14 SOLO recollida de dorsais.
NON se realizan inscricións.

❖ Os menores de 16 so poderán participar na andaina e deberán aportar unha autorización asinada polos pais ou titores legais.

Ademais de forma voluntaria, existe a posibilidade de facer donativos ao **Dorsal 0 habilitado na web de Carreiras Galegas**.

O importe da inscrición así como do Dorsal 0 será destinado **integramente para o financiamento das becas de investigación contra o Cancro de Páncreas**

REGULAMENTO:

1. -Tódolos participantes terán asignado un dorsal, este irá situado no peito e terá que ser visible no desenvolvemento da proba.
2. Todos os participantes o fan baixo a súa propia responsabilidade e o feito de tomar parte na saída da proba significa a aceptar estas normas de participación.
3. Seguro: todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento; ao lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo non relacionado á organización, estando estes últimos debidamente identificados.
4. A organización disporá **DE AMBULANCIA** dende una hora antes do comezo da carreira e ata media hora despois de pechar o acto. Os Servizos médicos, están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifestase un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma. **Así mesmo, recomendase a todos os inscritos, leven a cabo antes de tomar parte na proba un recoñecemento de aptitude médico-deportivo que descarte calquera patoloxía que impida a súa participación.**
5. **Coa inscrición, os participantes dan o seu consentimento para que a súa imaxe poida ser utilizada con fins deportivos, de promoción, distribución e/ou explotación para promover a celebración deste evento e/ou sucesivos, sen límite temporal, e/ou fomentar a participación nos mesmos, mediante a reprodución de fotografías/vídeos/gravacións da proba, a publicación de listaxes clasificatorias, etc., independentemente do medio ou dispositivo a través do cal se realice (Internet, publicidade, etc.). Os inscritos ceden de forma expresa o dereito a reproducir o seu nome e apelidos, o posto obtido na clasificación xeral e a propia do participante, a categoría, a marca deportiva ou calquera outro dato derivado da participación no evento.**

6. O descoñecemento destas normas non exime do seu cumprimento.

HORARIO-DISTANCIA E CATEGORIAS:

10.00H	CARREIRA	13.000 M
10.00H	ANDAINA LARGA	11.500 M
10:30H	ANDAINA CURTA	7.000 M
13:30H	PINCHADA FIN DO EVENTO	

- **CARREIRA POPULAR:** Idade mínima de participación 16 anos.
- **ANDAINA POPULAR:** Poderán participar todas as idades.

Os participantes menores de 16 anos so poderán participar na andaina.

CIRCUITOS:

As distancias son orientativas e non homologadas.
SAIDA e META estará situada no Pavillón Municipal de Vilamartín de Valdeorras.
Distancias:

- ANDAINA CURTA: 7.000 M.
- ANDAINA LONGA: 11.500 M.
- CARREIRA: 13.000 M.

(VER ANEXO I)

ANDAINA 7 KM




ANDAINA 11,5 KM



PAVILLON MUNICIPAL DE VILAMARTIN
SAIDA E META
VESTIARIOS
RECOLLIDA DE DORSAIS
ENTREGA DE TROFEOS

9ª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES CONTRA O CANCRO DE PANCREAS VILAMARTÍN 15/11/2026

CARREIRA 13 KM



PAVILLON MUNICIPAL DE VILAMARTIN
SAIDA E META
VESTIARIOS
RECOLLIDA DE DORSAIS
ENTREGA DE TROFEOS

9ª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES CONTRA O CANCRO DE PANCREAS VILAMARTÍN 15/11/2026

GRAZAS POR ACOMPAÑARNOS

Cada paso que dás neste percorrido axuda a financiar a investigación contra o cancro de páncreas.

Moito ánimo a quen corre e a quen camiña, e grazas de corazón a participantes, voluntarios, patrocinadores e colaboradores.

Vémonos o 15 de novembro en Vilamartín.